



DECLARACION INSTITUCIONAL DE CONDENA DOS FEITOS ACAECIDOS NO PARLAMENTO DE GALICIA O DÍA 23 DE NOVEMBRO

A Xunta de Portavoces, na súa sesión do día 23 de novembro de 2005, aprobou por asentimento a seguinte Declaración Institucional:

“No día de hoxe aconteceron feitos moi graves cos que se intentou conculcar a dignidade e os dereitos dos deputados e deputadas a expresarse libremente.

Nunca se rexistrou un asalto destas características ao Parlamento, xa que máis dun centenar de persoas entraron no recinto parlamentario a manifestarse, nomeadamente cargos públicos.

Polo tanto, ante a gravidade dos feitos acontecidos, a Xunta de Portavoces, acorda a seguinte declaración institucional:

- 1) Condenar calquera intento de violentar a democracia e ás súas institucións e, polo tanto, o asalto ao Parlamento producido no día de hoxe por un colectivo de manifestantes.
- 2) Lembrar que as decisións dos gobernos son discutibles politicamente en sede parlamentaria e xuridicamente diante dos tribunais de xustiza. En última instancia, tamén son sancionados coa vontade que expresa a cidadanía nas urnas.
- 3) Por definición, é incompatible a idea do debate no Parlamento coa manifestación dentro do recinto parlamentario, intentando impedir ou coaccionar o diálogo na sede da soberanía popular, con actitudes que van, manifestamente en contra da dignidade da institución.
- 4) A Xunta de Portavoces demanda dos grupos políticos galegos respecto ás institucións para que o debate se produza dentro das canles establecidas en democracia. O dereito á manifestación debe exercerse dentro da legalidade vixente.
- 5) Ninguén en democracia, nin siquiera os cargos públicos, están por enriba da Lei”.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2005.